

O luns 10 de agosto, o portavoz do goberno municipal, Raimundo González, daba unha conferencia de prensa anunciando que a Xunta de Goberno dese día aprobara o anteproxecto dun denominado Parque Forestal da Fracha.

O señor González daba conta de que ese anteproxecto xa tiña memoria explicativa, unha definición da súa tramitación administrativa e encaixe nas normativas de Medio Ambiente e Medio Rural. Tamén avanzaba a súa extensión (250 hectáreas, nas parroquias de Marcón, Tomeza, Canicouva e Ponte Sampaio).

Porén, con posterioridade comprobamos que na Acta da Xunta de Goberno orrespondente a ese día non consta absolutamente ningún dato de todo iso.

Por esta razón, Marea Pontevedra, formula as seguintes preguntas:

-¿Con que data se entregou o Anteproxecto do Parque Forestal da Fracha?

-¿Que técnicos municipais realizaron ese traballo?

-No caso de que non o fixese persoal do concello, ¿cando e por que procedemento se contratou e cal foi a empresa adxudicataria?

-¿Onde consta ese contrato?

¿Cantos millóns de metros cúbicos de terra vai mobilizar a realización do devandito Parque Forestal?

Atentamente,

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luis Rei Núñez